



Celestino Fernández de la Vega

(Friol, 1914 – Lugo, 1986)

Celestino Fernández de la Vega, destacado militante do galeguismo cultural de preguerra, naceu en Friol (Lugo) en 1914. Con once anos trasladouse a Lugo, onde cursou estudos no colexio dos Irmáns Maristas e, a seguir, no Instituto de Bacharelato.

En 1930 principiou a carreira de Dereito en Compostela e catro anos máis tarde, co obxectivo de rematar a licenciatura, fixou a súa residencia en Madrid. Pouco despois de realizar os últimos exames, Fernández de la Vega foi mobilizado para combater no bando nacional; a guerra marcará de maneira decisiva a súa obra.

Unha vez concluído o conflito bélico, comezou a preparar as oposicións a Técnico da Administración, que gañaría en 1940 e que o levarían destinado ao Goberno Civil de Lugo. Nesta cidade, fíxose asiduo de diferentes tertulias, ás que asistían Pimentel, Fole, Antonio Figueroa, Luciano Penedo e Ramón Piñeiro entre outros.

Estivo presente no proxecto da Editorial Galaxia desde o seu nacemento, aportando ensaios como "Cultura y Comunicación" (1951) e "Campanas de Bastabales" (1952), publicados en español por esixencias da censura. Familiarizado coas principais correntes de pensamento do momento (con catorce anos xa lera a *Crítica da razón pura*, de Kant) e seducido especialmente pola filosofía de Heidegger (a quen lía na lingua orixinal), Fernández de la Vega traduciría, xunto con Ramón Piñeiro, *Da esencia da verdade*, do pensador xermano.

Celestino centrou os seus esforzos en evidenciar o espírito moderno das tres características fundamentais do ser galego: a saudade, o sentimento da paisaxe e o humorismo. Como as súas obras máis relevantes podemos destacar "Abrente e Solpor da Paisaxe" (1958), editada nun volume colectivo en homenaxe a Otero Pedrayo, e *O segredo do humor* (1963), onde expón a súa particular concepción do "humor" (punto intermedio entre o lado serio do cómico e o ridículo do serio) e sinala a Castela como o humorista máis relevante das literaturas hispánicas do século XX.

Ademais, foi autor de numerosos artigos xornalísticos de temática variada (música, pintura, teatro, etc.).

[Centro de documentación da AELG]